

VIVE O CASTELO

VISITAS GUIADAS E TEATRALIZADAS

TRADICIÓN, MÚSICA, CONTACONTOS, CIRCO



OS XOVES 23 E 30 DE XULLO
6, 13 E 20 DE AGOSTO
DESDE AS 20.00 H

CASTELO DE MONTERREI

Entrada libre e capacidade limitada



PRESENTACIÓN

O castelo de Monterrei, un dos sitios históricos máis destacados de Galicia, conforma o marco monumental que recolle a memoria da Casa de Monterrei dende a Idade Media ata os tempos napoleónicos, pasando pola época dos Reis Católicos –monarcas que nomearon a don Sancho Sánchez de Ulloa e Monterroso primeiro conde de Monterrei– e a Idade Moderna, con mestura de episodios bélicos e abraiante vida cultural.

Atalaia da historia de Galicia, o pazo-castelo dos condes de Monterrei foi escenario privilexiado polo que pasaron grandes persoeiros e no que aconteceron sucesos de gran relevancia para a sociedade e a cultura de cada tempo. A programación “Vive o Castelo” trata de revivir a brillantez desta singular corte condal, recreando a historia do pazo-castelo con visitas guiadas e teatralizadas; tentando comprender mellor o significado máis fondo do legado dos Ulloa, os Zúñiga, os Fonseca e os Alba, coa reflexión dos participantes na mesa redonda; e gozando dos seus espazos monumentais coa axuda da música, o teatro, a maxia e o circo.



PROGRAMACIÓN

23 de xullo	19.00	Mesa Redonda: Monterrei: Nobleza, Tradición, Cultura e Peregrinación
	20.00	Visita Guiada Teatralizada*
	20.30	Talabarte "Ao Son da Cociña"*
30 de xullo	20.00	Visita Guiada Teatralizada*
	20.30	Gala de Circo no Castelo: Mago Teto, Os Sete Magníficos Máis Un, Circo Chosco e Magnifique Bande dos Homes Sen Medo Presenta: Luís Iglesia
	22.30	Visita Guiada Teatralizada*
6 de agosto	20.00	Visita Guiada Teatralizada*
	20.30	Música no Castelo: Emilio Rúa, Uxía & Narf
	23.00	Visita Guiada Teatralizada*
13 de agosto	20.00	Visita Guiada Teatralizada*
	20.30	Un Castelo de Conto: Os Quinquilláns, Daboapipa e Paco Nogueiras
	23.00	Visita Guiada Teatralizada*
20 de agosto	20.00	Visita Guiada Teatralizada*
	20.30	Música no Castelo: Guadi Galego e Guezos
	23.00	Visita Guiada Teatralizada*

*Máis información e reserva de convites (para visitas guiadas e concerto de Talabarte) no enderezo electrónico: noitesnocastelo@gmail.com

OS BUFÓNS DO CASTELO percorrerán a comarca levando animación e risa comunicando as actividades da programación no castelo. Poderás atopalos nos mercados, piscinas, rúas, comercios, bares... onde menos o agardes convidárate a ser parte da programación do castelo.

Datas: 22, 28 e 29 de xullo e 4, 5, 11 e 19 de agosto.

XOVES 23 XULLO

19.00 MESA REDONDA: “MONTERREI: NOBLEZA, TRADICIÓN, CULTURA E PEREGRINACIÓN”

O desenvolvemento histórico, arquitectónico e cultural do castelo de Monterrei, unha das fortalezas máis nobres de Galicia, está intimamente ligado á historia da familia condal, da vila de Monterrei e dunha parte significativa do soar auriense polo que transcorre un dos vellos camiños de peregrinación a Compostela. A mesa redonda desvelará estas fondas relacións establecidas entre Monterrei -o castelo, o condado, a vila e a terra- e a Historia de Galicia.

Relatores:

Eduardo Pardo de Guevara y Valdés. *Os señores da Casa de Monterrei*

Miguel Ángel González García. *O Misal Auriense e o Patrimonio do Castelo de Monterrei*

Cristina Ezcurra e Cristina Ouzande. *A rehabilitación do Castelo de Monterrei*

Moderador:

Rafael Sánchez Bargiela. Xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

**20.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)****20.30 TALABARTE: “AO SON DA COCIÑA”
(MÚSICA E SHOWCOOKING)**

Talabarte presentará os temas do seu próximo disco 'Ao Son da Cociña. Music and Food Experience'. Neste formato o público, ademais de escoitar o concerto, ten a oportunidade de degustar petiscos con maridaxe nun *showcooking* a cargo do chef Xián Herrera.

En Talabarte únense tres músicos indispensables dentro da escena musical galega, o violín de Quim Farinha, o acordeón diatónico de

Pedro Pascual e o contrabaixo de Kin García. Xuntos propoñen unha viaxe a través das músicas populares de Galicia e doutras latitudes.



XOVES 30 XULLO

20.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)

20.30 CIRCO NO CASTELO: GALA DE CIRCO

~ MAGO TETO

~ CIRCO CHOSCO

~ A MAGNIFIQUE BANDE DOS HOMES SEN MEDO

~ OS SETE MAGNÍFICOS MÁIS UN

A Gala de Circo no Castelo conta coa participación de tres compañías, un presentador e unha banda de música en vivo nun espectáculo para todos os públicos, de 100 minutos de duración, co mellor do noso novo circo. Un espectáculo no que se combinan a participación do público, a variedade de técnicas artísticas, as espectaculares acrobacias, o encanto da música en directo, a presenza dun presentador como nexo e toda a maxia e ilusión do circo.





Luís Iglesia (*Matalobos, Pazo de Familia, O faro...*) será o condutor desta gala e achegaranos o seu salientable ton cómico e musical na presentación dun espectáculo único.



O Mago Teto é un dos magos galegos máis veteranos e relevantes. É un todoterreo, capaz de propoñer espectáculos tanto de rúa como de gran formato para teatros. Teto é un dos perfís máis completos e orixinais da maxia polo seu humor, personalidade e nivel técnico.



Circo Chosco son Ariñe Azkue e Óscar Páez. Ofrecen a posibilidade de representar os seus espectáculos con ou sen rutinas aéreas, o que lles dá gran versatilidade. Mesturan comedia e circo, o que dá como resultado unha obra cómica con acrobacia, malabar e técnicas de portes e equilibrios para emocionar e facer rir ao público.



Os Sete Magníficos Máis Un é unha das compañías de teatro e *clown* máis recoñecidas e consolidadas de Galicia, con case 15 anos en activo e máis de dez espectáculos ás súas costas. Con Fran Rei e Pedro Brandariz como principais expoñentes, estes xenios do humor fan que a gargallada estea sempre asegurada.



A Magnifique Bande Dos Homes Sen Medo é un grupo de galopíns musicais que animan as nosas vidas deleitándonos coas súas trasnadas harmónico-contrapuntísticas cunha elegancia natural e un gusto innato polas boas melodías e os arranxos de éxito.

22.30 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO (INSCRICIÓN PREVIA)



XOVES 6 DE AGOSTO

20.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)

20.30 MÚSICA NO CASTELO

~ EMILIO RÚA

~ UXÍA E NARF



Emilio Rúa é un cantautor con máis de 15 anos en activo. Cantando sempre en galego acadou os maiores recoñecementos, pois a música en galego pode chegar a todos os públicos. Ismael Serrano, Pedro Guerra ou Mercedes Ferrer puideron compróballo tocando a carón del.

As letras e as melodías pegadizas en galego e unha alta calidade nas composicións son os seus sinais de identidade, como podemos comprobar en *Destino Sur*, o seu último traballo publicado en 2014.



Uxía e Narf son dous dos maiores talentos da música galega das últimas décadas. No seu primeiro disco conxunto, *As baladas da Galiza imaxinaria*, unen as súas voces para acadar un resultado que supón un salto cualitativo do noso cancionero, en palabras de Juan Perro.

No 2014 cantaron xuntos por primeira vez nunha xira por países suramericanos onde descubriron a harmonía existente entrambos. Agora o público tamén pode gozar dela neste disco, que están a presentar por diferentes puntos de Galicia e por todo o mundo.

23.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)

XOVES 13 AGOSTO

20.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)

20.30 UN CASTELO DE CONTO

~ OS QUINQUILLÁNS

~ DABOAPIPA

~ PACO NOGUEIRAS

Unha xornada máxica na que descubrir os recantos do castelo a través dos contos e da música para os cativos que inda poden selo e para o cativo que o resto levamos dentro.



Os Quinquilláns levan en activo desde 1989. A compañía especialízase desde o inicio no teatro de rúa e infantil. Nos seus preto de 25 anos de traxectoria profesional, levan estreados espectáculos de teatro familiar e de adultos, pasacalles, animacións, espectáculos de rúa, montaxes *ad hoc* ou visitas teatralizadas.



Daboapipa son Vero Rilo e Santi Prieto, a palabra e a música. Comezaron a súa andaina no 2013. Narran, cantan e musican relatos, contos escoitados nalgún lugar, escritos nalgún libro, nados dende algún lugar do ser. Fusionan o mundo da infancia coa palabra e a música.



Paco Nogueiras é un músico e actor que sempre estivo ligado ao mundo do teatro e a música. Vén de publicar *Brinca Vail*, un libro-disco para ler, ver e escoitar. Un feixe de cancións para toda a familia interpretadas nun amplo abano de estilos musicais: *techno*, *rock*, *folk*, *reggae* ou música electrónica.

23.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)



XOVES 20 AGOSTO

20.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)

20.30 MÚSICA NO CASTELO

~ GUADI GALEGO

~ GUEZOS



Guadi Galego é unha das artistas máis relevantes da escena musical de Galicia. A súa traxectoria é moi intensa e rica, como voz principal e gaiteira do grupo Berrogüetto ou formando parte de proxectos colectivos como Nordestinas, Espido e aCadaCanto. Agora, cun son e unha expresión artística máis madura e tamén máis atrevida, vén de presentar en 2014 *Lúas de outubro e agosto*, o seu segundo traballo como solista tras o álbum *Benzón*, que se publicou en 2009. Este último traballo contén fermosas

cancións cun nexo común, a natureza das composicións, a esencia do vivido e madurado, a emoción e a intensidade, a delicadeza e o risco.



Guezos é unha banda de pop-folk ourensán que tamén traballa ritmos de rumba, de rock, de *ska* ou de *reggae*. Con cinco discos editados, o último deles serve para conmemorar o seu 15º aniversario. Nos seus directos fan que o público non poida parar de cantar, bailar e participar con eles da gran festa sonora de Guezos.

Guezos son os gañadores do concurso da bandas 2015 para poñerlle música á campaña de Turgalicia.

23.00 VISITA TEATRALIZADA AO CASTELO
(INSCRICIÓN PREVIA)



VIVE O CASTELO

VISITAS GUIADAS E TEATRALIZADAS
TRADICIÓN, MÚSICA, CONTACONTOS, CIRCO

galicia
o bo camiño

Colabora:



XUNTA
DE GALICIA

xunta.gal